

ROTH, K.-H. e EBBINGHAUS, A. (2011) *El «otro» movimiento obrero y la represión capitalista en Alemania (1880-1973)*. Madrid, Traficantes de Sueños, 368 pp.

M.^a Asunción López Arranz

Profesora doutora do Departamento de Dereito Público Especial, Facultade de Ciencias do Traballo, da Universidade da Coruña (UDC) (campus de Ferrol)

<a.larranz@udc.es>

1. A loita de clases e as súas formas de organización conforman a historia do movemento obreiro europeo. Nesta monografía, Karl-Heinz Roth e Angelika Ebbinghaus realizan un profundo estudo dos arquivos históricos recuperados sobre as loitas e os combates de fábrica coincidentes coa última posta en marcha dunha dividida loita de clases en Europa.

2. A estrutura da obra artículase nunha introdución e tres capítulos, os cales se dividen á súa vez en diferentes seccións, cada unha das cales ofrece un testemuño realista da loita de clases en períodos importantes da historia europea. A obra explica cronoloxicamente o desenvolvemento de dous sectores culturais, políticos e sociais da clase obreira alemá ben diferenciados, e como esta situación, propiciada desde o Estado, contribuíu ao éxito da violenta e férrea represión levada a cabo polo sistema capitalista co fin de manter baixo control a clase obreira.

Desde a introdución, os autores xa nos sinalan como un movemento obreiro participou sen reparos na represión do outro. O obxectivo do libro conséguese magnificamente por medio da análise da loita obreira e o contraataque capitalista no marco da historia de clases dos últimos cen anos desde un punto de vista obreiro.

– No capítulo primeiro, titulado «Lucha obrera y contraataque capitalista antes del Nacionalsocialismo» analízase o alcance e a natureza de dous movementos obreiros durante a Primeira Guerra Mundial e na posguerra. Nesta etapa, os traballadores especializados convertéronse na figura dominante do movemento obreiro, aínda que a historia da maioría cuantitativa da clase obreira do momento, a súa situación de explotación e as súas formas de loita estaban sen describir.

A composición multinacional e as ataduras feudais despóticas da clase obreira das minas (pequenos campesiños, proletariado alemán, nenos e mozos explotados con especial dureza e traballadores inmigrantes) permitiron unha brusca intensificación da súa explotación, e tan axiña como nalgún lugar confluían formas de loita e os traballadores utilizaban a folga de masas, construíase unha maquinaria a gran escala co fin de combater o seu levantamento baixo un sistema de multas dos supervisores e empregados das minas. Nesta situación, a clase traballadora acabou por loitar entre ela e os sindicatos perderon o control sobre o movemento folguista.

No marco social da clase obreira do outro movemento, sempre silenciado, noméase a loita dos obreiros dos estaleiros antes da Primeira Guerra Mundial en moitos documentos. Os capitalistas dos estaleiros, xunto cos seus axudantes da policía, acusaban os traballadores dunha conduta rebelde que sempre tendía a acabar en disturbios e levantamentos, e nestas condicións de vida a clase obreira enfrontábase entre si, no lugar de traballo, debido a unha perfeccionada xerarquía.

Coa Primeira Guerra Mundial, perfiláronse en Alemaña e Austria cambios decisivos na composición política e social da clase obreira e os traballadores. Así, estes pasan a verse sometidos a un ríxido trato militar –incluídas as mulleres– e prodúcense recrutamentos forzosos de traballadores entre os prisioneiros de guerra. Na primeira fase da posguerra as loitas proletarias foron dominadas polo movemento dos traballadores profesionais, supremacía esta que tivo consecuencias fatais, ao se conseguir o desarmamento da clase obreira como forma de explotación dos traballadores.

– No capítulo segundo, titulado «Lucha obrera y contraataque capitalista bajo el Nacionalsocialismo», analízanse as transformacións da loita de clases no marco da crise económica mundial e as estratexias desenvolvidas por parte dos traballadores, cuxas accións ofensivas revolucionarias contra un capital ameazado pola quebra quedaron limitadas ao puntual. Segundo sinalan os autores, nesta situación, o capitalismo –na procura da súa autoconservación– tivo a oportunidade de tomar novas iniciativas de división contra a tendencia homoxeneizadora espontánea da resistencia de masas, isto é, o nacionalsocialismo conseguiu dividir o movemento de clase social e revolucionario que se estaba homoxeneizando por medio dunha astuta iniciativa cuxo obxectivo foi a destrución das institucións obreiras tradicionais.

Até entrado o ano 1942 a situación de explotación dos traballadores alemáns non empeorara esencialmente de se comparar coa anterior á guerra. Esta concesión aos traballadores alemáns pagouse co prezo da deportación forzada de millóns de persoas

e coa súa explotación e represión, que non coñecía limite. Obstaculizouse calquera tendencia á a homoxeneización política da clase obreira europea con todo tipo de medios dirixidos a dividila aproveitando a existencia de prexuízos raciais, distancias salariais e diferenzas de posición na produción.

Cómpre termos en conta, ao respecto, que á parte dos alemáns existían cinco categorías de traballadores: estranxeiros en xeral (países ocupados ou aliados); polacos e rusos (considerados como parias); traballadores do leste; prisioneiros de guerra, e xudeus e xitanos (que non se consideraban persoas). Os traballadores alemáns convertéronse en capataces, mestres e vixiantes dos traballadores estranxeiros, e asumiron funcións represivas directas sobre estes. A súa tarefa principal era instaurar a tranquilidade e a disciplina do traballo entre os traballadores estranxeiros, mais ninguén se preguntaba despois como se lograba isto, nin se lle pediu contas a ninguén polas súas malleiras, ao contrario, eran animados a ser máis duros e desapiadados cos traballadores forzosos.

Así e todo, malia todas as medidas represivas, non se conseguiu impedir a resistencia ao traballo forzado, ben a través da fuxida ou ben por medio da sabotaxe á produción de armamento –a pesar do terror e a omnipotencia da Gestapo–. Mesmo chegaron a producirse folgas, a maior parte delas pequenos abandonos do traballo, cuxos participantes foron detidos, torturados e asasinados. A conduta pasiva dos traballadores alemáns foi consecuencia da súa integración na política de guerra nazi e da súa participación directa e indirecta na represión e explotación de millóns de traballadores estranxeiros, o que os volveu incapaces á hora de loitaren polos seus verdadeiros intereses no momento decisivo.

– No capítulo terceiro, sobre «Lucha obrera y contraataque capitalista a partir del Nacionalsocialismo», sinálase de forma clara e precisa a situación da loita de clases a partir de 1945. Articulouse daquela en Alemaña un proceso de enorme transcendencia histórica respecto á situación da clase obreira, que non existía en Alemaña como suxeito histórico ao final da guerra; tampouco semellaba que fose existir durante un longo período de tempo, xa que as potencias gañadoras non querían que se repetise o ocorrido no período 1918-1919. A monografía deixa claro que Alemaña foi liberada do nacionalsocialismo de maneira programada polas tropas da coalición, e non polo levantamento dunha clase obreira multinacional maltratada. Os traballadores non fixeron na práctica nada do que requiriría unha estratexia ampla de integración, e o poder internacional confirmou os empresarios na súa función de gobernadores dos aliados occidentais no verán de 1945.

Entre tanto, o reformismo obreiro, moi debilitado en comparación co período 1918-1919, esgotábase en controversias organizativas e dedicábase á política diaria só cando resultaba necesario. Porén, as masas rebelábanse de cando en vez, de maneira que os aliados occidentais e os empresarios reorientaron as súas liñas políticas de actuación. Así, a principios dos anos cincuenta o sistema económico estaba xa reorganizado en todos os ámbitos e existían grandes contradicións de clase. Mentres, o movemento obreiro político atopábase nunha mala situación, pois a súa estrutura institucional, única base para a estratexia de levar a clase obreira a un estado democrático por medio dunha forte unidade sindical, dividiuse cara ao leste ou cara ao oeste, e co inicio da persecución contra os cadros internos do KPD perdeu calquera forza.

Nos anos sesenta, coa construción do muro de Berlín, os traballadores refuxiados do leste de Alemaña e de Europa foron substituídos polos traballadores emigrantes do sur e suroeste europeo, e a clase obreira dividiuse ao longo da última década –máis mesmo que nos anos cincuenta– de acordo cunha liña de separación que ía desde un mercado de traballo continuamente segmentado até as naves industriais. Os empresarios permaneceron fieis á súa vella estratexia de clase fronte aos traballadores, que aínda duraría outros trinta anos: explotábase con rigor e sen concesións os parias dunha clase obreira manexada de maneira flexible e decote reestruturada, o mesmo de se tratar de mulleres, traballadores estranxeiros ou grupos de vellos traballadores alemáns sometidos, baixo as premisas de manter os custos de produción baixos, e rexeitábase calquera intento de confrontación de clase.

Axiña que a autonomía obreira comezou a perfilarse de maneira efectiva, abandonouse o principio do acurrallamento preventivo exterior, e tornou prioritario todo aquilo que puxese freo ás loitas obreiras que xurdiran nos talleres en conexión directa coa organización do traballo. Os novos núcleos obreiros podían preparar o seu 2 de setembro de 1969 con toda a tranquilidade. De feito, a primeira revolta, que deu o sinal de saída á acción autónoma, foi posta en marcha por un persoal organizado sindicalmente case ao 100%.

Non faltan probas que documenten a determinación do sistema económico reorganizado entre 1970-1971 e nos axuden a comprender como a división de clase serviu de base para a reconstrución do mando político-represivo. No tocante ao problema da organización do traballo, os sindicatos estaban completamente ao lado dos empresarios, e só asimilaban e representaban os intereses dos traballadores na medida en que o esixise a estabilidade do contacto coas capas de traballadores alemáns cualificados, único aspecto este baixo o que se negociaron certas concesións.

Así, fronte aos traballadores, creouse unha nova organización do mando empresarial que seguía unha clara liña estratéxica: en primeiro lugar, un uso sistemático da división de clase, para, en segundo lugar, acurrallar no marco das fábricas aquela capa da clase obreira que debido á súa situación de explotación e á súa discriminación resultaba, desde o principio, non integrable na perspectiva do sistema.

3. Para concluírmos diremos que esta monografía é un estudo sobre as vivencias dos traballadores nas fábricas; a súa estratificación en distintas clases obreiras; a represión exercida entre estas, instada e fomentada desde o poder; e as loitas por un traballo digno, contra a explotación e o traballo forzado. Os autores foron minuciosos e especialmente rigorosos cos datos achegados para informar de todo o ocorrido cos sufridos traballadores ao longo das etapas da historia de Alemaña de que se ocupan, unha situación que se podería extrapolar de xeito doado a outros países ou aos nosos días.